



GUÍA DOCENTE DE **CONXUNTO I-II**  
 ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: CONXUNTO I-II									
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			Guitarra	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.			2	2					Observacións:
									1'5 h

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento e práctica do repertorio para conxunto de guitarras en formacións dende o dúo de ata a orquestra de guitarras.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior. Para o segundo cuatrimestre, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Guitarra sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, 7, 9
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, 3, 7, 11, 17
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Formar parte dunha agrupación instrumental, aprendendo a valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da súa formación.	Todas
Diferenciar o seu papel como integrante de pequenas formacións ou de formacións maiores.	Todas
Coñecer e realizar os xestos básicos que permiten a interpretación coordinada sen director.	Todas
Desenvolver a sensibilidade auditiva como medio para actuar sobre a calidade da interpretación.	Todas
Interpretar con corrección e musicalidade as obras do programa.	Todas

4. CONTIDOS
Afinación, timbre, ataques, etc.
Articulación, ritmo, agoxica, dinámica e fraseo.
Sonoridade de conxunto, equilibrio de planos, función de cada instrumento
Lectura a vista de exercicios deseñados especificamente para o desenvolvemento desta capacidade e de partituras apropiadas neste nivel.



**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Audicións	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuatrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres.*